



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 345 /2012, DO 1 DE XUÑO .

Vista resolución de alcaldía nº 276/2012 de oito de maio na que se ordeaba a redacción dos pregos para proceder á contratación da xestión do servizo público de abastecemento de auga potable e saneamento no concello de Cabana de Bergantiños, mediante a modalidade de concesión.

Visto que con data 15 de maio de 2012 a empresa AQUAGEST, S.A. abandonaba o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable polo que se fai inaplazable devadita contratación.

Visto que, dada a característica da xestión do servizo público que se pretende neste concello, parece que o procedemento máis adecuado é o procedemento aberto, atendendo á oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación.

Visto que foron redactados e achegouse ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescrición técnicas que rexerán a adxudicación do contrato.

Visto certificado de existencia de crédito e o informe de fiscalización do expediente de data 31 de maio de 2012.

Visto o informe de Secretaría de data 31 de maio de 2012 e de conformidade co establecido no artigo 110 e coa disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público.

Visto que na sesión plenaria de data 23 de xuño de 2012 se acordaba a delegación de diversas competencias do Pleno na Alcaldía e entre elas a competencia para as contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do Orzamento e, en calquera caso, os seis millóns de euros, así como os contratos e as concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de tódalas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido ós recursos ordinarios o orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada nesta letra.

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación nº 263/2012, mediante procedemento aberto, atendendo á oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, para a xestión do servizo público de xestión integral do servizo de





CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

abastecemento de auga potable e saneamento no concello de Cabana de Bergantiños,, mediante a modalidade de concesión, e convocar a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar o gasto por importe de 15.000,00 euros con cargo á partida orzamentaria 161/479.02 para o exercicio 2012. A autorización e realización dos gastos correspondentes ás anualidades 2013 e seguintes quedará supeditada ao crédito que para cada exercicio se autorice nos respectivos orzamentos.

TERCEIRO. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexerá o contrato de xestión do servizo público de xestión integral do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento no concello de Cabana de Bergantiños mediante a modalidade de concesión, por procedemento aberto, atendendo á oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación.

CUARTO. Publicar no Boletín Oficial da Provincia de a Coruña e no perfil do contratante un anuncio de licitación, para que durante o prazo de trinta días naturais os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes.

QUINTO. Publicar a composición da mesa de contratación no perfil do contratante, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que se deba levar a cabo para a cualificación da documentación referida no artigo 146.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público.

Mándao e asíno o Alcalde-Presidente Don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o un de xuño de dous mil doce, diante de min, a Secretaria, que dou fe e certifico.

O Alcalde,

Asdo.: José Muíño Domínguez

CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS
ALCALDÍA
(A CORUÑA)

A Secretaria,

Asdo.: Paula M^a Suárez Cotelo.

CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS
SECRETARÍA
(A CORUÑA)